

Procedementos Operativos de Calidade

UTILIZACIÓN DE MATERIAL DE CONTROL E SIGNOS IDENTIFICATIVOS



COPIA CONTROLADA: Non Si: nº _____ Assignada a: _____ Data: _____

PROCEDEMENTO PARA A UTILIZACION DO MATERIAL DE CONTROL E SIGNOS IDENTIFICATIVOS.

MODIFICACIÓNS RESPECTO DA EDICIÓ N ANTERIOR:

-Contemplase o cumprimento do artigo 23 punto 4.b. do Regulamento (CE) 834/2007

Elaborado polo Xestor da Calidade:

Revisado e aprobado polo Presidente:

Antonio Eduardo Pérez Méndez

José Antonio Fernández Álvarez

ÍNDICE:

- 1.- OBXECTO
- 2.- ALCANCE
- 3.- REFERENCIAS
- 4.- XENERALIDADES
 - 4.1.- Etiquetaxe.
 - 4.2.- Volantes de circulación.
 - 4.3.- Contraetiqueta.
 - 4.4.- Precintos.
 - 4.5.- Logotipo.
 - 4.6.- Marca de CRAEGA.
 - 4.7.- Certificado de Conformidade.
- 5.- REALIZACIÓN
 - 5.1.- Utilización de material de control.
 - 5.2.- Numeración.
 - 5.3.- Uso da Marca.
 - 5.4.- Uso abusivo da Marca.
 - 5.5.- Modificacións da Marca.
 - 5.6.- Dereitos e obrigas respecto ao uso da Marca.
 - 5.7.- Utilización de signos identificativos da denominación
 - 5.8.- Utilización de signos identificativos da denominación no caso de venda directa
 - 5.9.- Retirada do material de Control.
- 6- ANEXOS

1. OBXECTO.

O presente Procedemento describe a sistemática aplicada polo CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA (dende agora, C.R.A.E.GA.) para o uso da súa marca e as medidas axeitadas no caso do seu uso indebido. Concretamente, a sistemática para a realización da certificación da produción, mediante a autorización da etiquetaxe e/ou impresión do logotipo e numeración de control do C.R.A.E.GA. na etiqueta comercial dos produtos procedentes da agricultura ecolóxica, así como a utilización de volantes de circulación e outros materiais de control, ou a elaboración de material de carácter promocional ou publicitario que conteña signos identificativos por parte dos inscritos nos rexistros do C.R.A.E.GA. con Certificado de Conformidade.

2. ALCANCE.

Este documento aplícase aos Operadores inscritos nos Rexistros do C.R.A.E.GA. con Certificado de Conformidade, para o uso correcto da marca, para a obtención da autorización precisa para o uso de contraetiquetas e/ou calquera outro signo identificativo relacionado co método de produción ecolóxica, así como a súa inclusión en calquera tipo de documentación, promoción publicitaria, de conformidade co Regulamento (CE) 834/2007 e co Regulamento de Funcionamento do C.R.A.E.GA. En ningún caso se aplicará aos operadores inscritos nos rexistros de procesamento de CRAEGA cuxos produtos correspondente a letra b do apartado 4 do artigo 23 do Regulamento (CE) 834/2007, que so obteñen un certificado de conformidade detallando a lista de ingredientes.

3. REFERENCIAS.

- Manual de Calidade do CRAEGA, Capítulo 7.
- POC-03: Procedemento para a Xestión de Subcontratacións.
- POC-04: Procedemento de Xestión da Certificación.
- Norma UNE-EN ISO/IEC 17065: “Requisitos para organismos que certifican produtos, procesos e servizos”.

4. XENERALIDADES.

4.1. Etiquetaxe:

As mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que figuren en envases, documentos, letreiros, etiquetas, anelas, ou colariños que acompañan ou se refiren a produtos contemplados na liña 2, Artigo 1 do Regulamento (CE) número 834/2007.

4.2. Volante de circulación:

Documentos codificados polo Consello Regulador (FPOC-06/02 y FPOC-06/03), mediante o cal se identifican as mercadorías a granel, e onde están consignados os datos do expedidor e do receptor do produto, a data de expedición e o tipo e cantidade de produto.

4.3. Contraetiqueta:

Documento codificado polo Consello Regulador mediante o cal se identifican os produtos envasados, garantindo ao consumidor o amparo do produto dentro da denominación; a contraetiqueta poderá estar incluída na etiqueta comercial, en cuxo caso será numerada.

4.4. Precintos:

Precinto de plástico, cunha numeración alfanumérica.

4.5. Logotipo:

Símbolo empregado polo C.R.A.E.GA. para comunicar o seu nome.

4.6. Marca de C.R.A.E.GA:

Resulta da combinación do logotipo do C.R.A.E.GA, e un número asignado polo C.R.A.E.GA, aplicada baixo as regras dun sistema de certificación, que indica que se subministra a confianza axeitada en que un produto, que está debidamente identificado, está producido conforme co Regulamento (CE) 834/2007.

4.7. Certificado de conformidade:

Certificado que inclúe a marca C.R.A.E.GA.

5. REALIZACIÓN.

5.1. Utilización de material de control.

5.1.1. Utilización de volantes de circulación.

O sistema habitual de certificación dos produtos alimentarios a granel será a utilización dos VOLANTES DE CIRCULACIÓN. Todas as expedicións de produtos con dereito a utilizaren as indicacións protexidas realizadas entre operadores inscritos con Certificado de Conformidade nos rexistros do C.R.A.E.GA, ou entre estes e operadores baixo control doutros organismos ou autoridades de control debidamente autorizados, deberán ir acompañados do correspondente Volante de Circulación.

Os volantes de Circulación deberán ser solicitados ao C.R.A.E.GA. mediante o modelo establecido ao respecto (FPOC-06/01); achegarse, xunto coa solicitude, o xustificante de pagamento destes.

Os volantes de circulación serán codificados polo C.R.A.E.GA; nestes estarán consignados os datos do expedidor e os do receptor do produto, a data de expedición e o tipo e a cantidade de produto. Do Volante de Circulación expedido quedarán con copias o receptor da mercadoría, o C.R.A.E.GA. e o Órgano de Control do Receptor da mercadoría, que poderá ser o propio C.R.A.E.GA. O orixinal corresponderalle ao expedidor da mercadoría.

Os operadores inscritos en produción de leite con Certificado de Conformidade poderán substituír os volantes por tickets de recollida que indicarán a mesma información que nos volantes de circulación; con isto aseguramos a trazabilidade do produto en todo momento. Estes tickets serán remitidos ao C.R.A.E.GA. antes de transcorrer un mes dende a recollida.

Os produtos agrícolas vexetais poderán levar indicacións referentes á conversión á agricultura ecolóxica coa condición de respetar un período de conversión de alomenos doce meses antes da colleita. O sistema habitual de certificación destes produtos será mediante o emprego dos volantes de circulación; estes volantes deberán ser solicitados para “produtos en conversión” ao C.R.A.E.GA. mediante o modelo establecido (FPOC-06/01); xunto coa solicitude irá o xustificante do pagamento destes volantes. O C.R.A.E.GA. levará un rexistro de tales períodos e manterá informado desta situación ao operador, e indicarlle os dereitos e obrigas adquiridos ao comezo deste período.

Estes volantes de circulación, ademais de seren codificados polo C.R.A.E.GA, indicarán que son para produtos en reconversión á Agricultura Ecolóxica.

En calquera momento, o C.R.A.E.G.A. poderá solicitar a retirada dos volantes por cuestión do incumprimento, por parte do Operador, das normas e procedementos recollidos no Manual de Calidade e no Regulamento de Funcionamento do Consello Regulador, así como da normativa referente ao Método de Producción Ecolóxica; tamén poderá solicitalos por causa de baixa. Neste caso, o Operador estará obrigado a entregar ao C.R.A.E.G.A. aqueles Volantes que tiver no seu poder, e correrá cos gastos ocasionados.

5.1.2. Utilización de contraetiquetas e inclusión da contraetiqueta na etiqueta comercial.

A utilización das contraetiquetas e a inclusión da contraetiqueta na etiqueta comercial defínense por medio das seguintes Normas:

A) UTILIZACIÓN DE CONTRAETIQUETAS NUMERADAS.

O sistema habitual de certificación dos produtos alimentarios envasados será a utilización da contraetiqueta identificativa da Denominación de Agricultura Ecolóxica que, no caso de Galicia, defínese no Anexo á Orde do 3 Abril de 2009, pola que se aproba o Regulamento de Funcionamento do C.R.A.E.GA, e que será o documento que lle garanta ao consumidor o amparo dese produto dentro da Denominación, é dicir, que foi obtido conforme o método de produción agraria ecolóxica regulado polo Regulamento (CE) 834/2007.

Ademais de aqueles operadores inscritos nos rexistros de industrias elaboradoras e/ou envasadoras e nos de Empresas Importadoras e/ou Comercializadoras, os produtores inscritos nos rexistros de produción animal e produción vexetal que cumpren o especificado no Decreto 125/2014 do 4 de 2014, polo que se regula a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións a persoa consumidora final e envasen seus produtos, poderán utilizar a contraetiqueta e inclusión da contraetiqueta na etiqueta comercial segundo o descrito neste punto 5.1.2 sempre que se inscriban no rexistro de industrias elaboradoras e/ou envasadoras no C.R.A.E.GA.

Se un Operador Certificado inscrito nos rexistros do C.R.A.E.G.A. desexar utilizar as contraetiquetas identificativas nos seus produtos envasados, deberallo solicitar ao Consello Regulador a través dos seguintes pasos:

1. O Operador Certificado solicitará empregar a contraetiqueta do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia nos produtos cuxa produción, elaboración e/ou comercialización xa estiveren inscritas nos Rexistros do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (C.R.A.E.GA.). Tamén deberá solicitar a inclusión na etiqueta comercial da referencia ao método de produción ecolóxica segundo o Título IV do Regulamento (CE) 834/2007. Con esta finalidade, deberá enviar o boceto das etiquetas que acompañen ou se refiran a produtos de produción ecolóxica en que figurarán as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que vaian facer referencia á produción ecolóxica.

2. O Consello Regulador comprobará o cumprimento da normativa de etiquetaxe de produción ecolóxica segundo o Título IV do Regulamento (CE) 834/2007 e no Título III do Regulamento (CE) 889/2008 e o seu anexo XI, ademais do recollido nos Procedementos 6 e 7 do Manual de Calidade; o Operador Certificado será o responsábel de cumprir coa normativa xeral de etiquetaxe e o cumprimento do establecido na lexislación común vixente. De se detectar algún problema, o operador certificado deberá correxilo, antes de lle dar o Consello Regulador a autorización de emprego desa etiqueta.

3. A partir da autorización dada, sempre que o Operador Certificado desexar unha serie de contraetiquetas coa súa numeración correspondente, deberallo solicitar ao C.R.A.E.G.A. e indicar claramente a cantidade na solicitude (Modelo FPOC-06/01) á que acompañará o seguinte:

- O resgardo do ingreso da cota correspondente na conta do C.R.A.E.GA, que será de 15,00 euros por millar de contraetiquetas solicitadas (ou equivalente).

- Fotocopia das etiquetas comerciais autorizadas para os produtos envasados, produtos para os que se solicita o uso das contraetiquetas.

4. En calquera momento deste proceso, o C.R.A.E.G.A. poderá retirar esta autorización por mor do incumprimento, por parte do Operador Certificado, das normas e procedementos recollidos no Manual de Calidade e no Regulamento de Funcionamento do Consello Regulador, e da

normativa referente ao Método de Producción Ecolóxica. Neste caso, o Operador Certificado estará obrigado a entregar ao C.R.A.E.GA. aquelas contraetiquetas que tiver no seu poder, e correrá cos gastos de envío

B) INCLUSIÓN DA CONTRAETIQUETA NA ETIQUETA COMERCIAL, CON NUMERACIÓN (Traballos de numeración realizados por imprentas).

O sistema habitual de certificación dos produtos derivados da Agricultura Ecolóxica será a utilización de contraetiqueta identificativa da Denominación, que acompañará á etiqueta comercial; porén, o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia poderá autorizar a inclusión desta contraetiqueta na propia etiqueta comercial que identifica ao produto ou no envase que o contén.

Un Operador Certificado inscrito nos rexistros do C.R.A.E.GA. poderá incluír a contraetiqueta identificativa na etiqueta comercial ou envase dos seus produtos envasados, non sen antes llo solicitar ao Consello Regulador a través dos seguintes pasos:

1. O Operador Certificado solicitará incluír a contraetiqueta do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia na etiqueta comercial ou envase que identifica ou contén os produtos cuxa produción, elaboración e/ou comercialización estiveren inscritas nos Rexistros do C.R.A.E.GA; tamén deberá solicitarlle a inclusión na etiqueta comercial da referencia ao método de produción ecolóxica, segundo o Título IV do Regulamento

O Operador Certificado deberá achegar, xunto con esta solicitude, o boceto das etiquetas que acompañen ou se refiran a produtos de produción ecolóxica en que figurarán as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que vaian facer referencia á produción ecolóxica

2. O Consello Regulador comprobará o cumprimento da normativa de etiquetaxe de produción ecolóxica segundo o Título IV do Regulamento (CE) 834/2007 e no Título III do Regulamento (CE) 889/2008 e o seu anexo XI, ademais do recollido nos Procedementos 6 e 7 do Manual de Calidade; o Operador Certificado será o responsábel de cumprir a normativa xeral de etiquetaxe e do cumprimento do establecido na lexislación común vixente. De se detectar algún problema, o Operador Certificado deberá corrixilo, antes de lle conceder o Consello Regulador o uso desa etiqueta.

3. Unha vez autorizada a inclusión da contraetiqueta na etiqueta comercial, a Imprenta en que se levaren a cabo os traballos de impresión terá que se pór en contacto co C.R.A.E.GA. para facilitar os datos necesarios (Nome da imprenta, persoa de contacto responsábel, C.I.F, enderezo e código postal, correo electrónico, fax, teléfonos...); amais de todo isto, especificará en que instalacións se realizarán os traballos. Todos estes datos procesaranse no programa informático *ekon* por parte do C.R.A.E.GA.

4. Cada vez que o Operador Certificado desexar a impresión da súa etiqueta comercial coa inclusión da contraetiqueta, coa súa numeración de control correspondente, será a Imprenta encargada da súa impresión a que llo deberá solicitar ao C.R.A.E.GA, e indicará claramente a cantidade de etiquetas que se quere imprimir na solicitude (Modelo FPOC-06/05). Acompañará a esta solicitude:

- O resgardo do ingreso da taxa correspondente na conta do C.R.A.E.GA, que será de 3,60 euros por millar de unidades solicitadas (ou equivalente). Este importe deberá ingresalo o Operador Certificado.

- Boceto en cor das etiquetas comerciais coa inclusión da contraetiqueta autorizadas para os produtos envasados en que solicita a numeración.

Se a impresión da serie completa de etiquetas non se puider facer dunha soa vez, a imprenta deberallo comunicar ao C.R.A.E.GA, ademais da numeración de etiquetas que se imprimiu, coa finalidade de suspender cautelarmente a autorización para o resto da numeración que non se imprimiu, se así o considerar oportuno o C.R.A.E.GA.

5. O C.R.A.E.GA. comunicarlle á imprenta a autorización de impresión coa numeración correlativa das etiquetas aprobadas. Esta autorización será válida unicamente para a empresa e instalacións concretas declaradas previamente.

6. En calquera momento deste proceso, o C.R.A.E.GA. poderá retirar a devandita autorización por causa do incumprimento, por parte do Operador Certificado, das normas e procedementos recollidos no Regulamento do Consello Regulador, no Caderno de Normas e demais normativa referente ao Método de Producción Ecolóxica. Neste suposto, o Operador Certificado estará obrigado a entregarlle ao C.R.A.E.GA. todas aquelas contraetiquetas que tiveren el e a Imprenta.

En calquera caso, os gastos ocasionados á Imprenta ou calquera outro gasto correrán sempre por conta do Operador Certificado.

C) INCLUSIÓN DA CONTRAETIQUETA NA ETIQUETA COMERCIAL, CON NUMERACIÓN (Traballos de numeración realizados polo propio operador).

Como variante do anterior apartado B), en que o operador pode utilizar a inclusión da contraetiqueta na propia etiqueta comercial que identifica o produto ou no envase que o contén, permítese a numeración polo propio operador nas súas instalacións. Isto deberallo solicitar ao Consello Regulador a través dos seguintes pasos:

1. O Operador Certificado solicitará incluír a contraetiqueta do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia na etiqueta comercial ou envase que identifica ou contén os produtos cuxa produción, elaboración e/ou comercialización nos Rexistros do C.R.A.E.GA; tamén deberá solicitarlle a inclusión na etiqueta comercial da referencia ao método de produción

ecolóxica segundo o Título IV do Regulamento (CE) 834/2007. Na solicitude fará constar especificamente que desexa realizar a numeración nas súas instalacións.

O Operador Certificado deberá achegar, xunto con esta solicitude, o esbozo ou bosquexo das etiquetas que acompañen ou se refiran a produtos de produción ecolóxica en que figurarán as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que vaian facer referencia á produción ecolóxica.

2. O Consello Regulador comprobará o cumprimento da normativa de etiquetaxe de produción ecolóxica segundo o Título IV do Regulamento (CE) 834/2007 e no Título III do Regulamento (CE) 889/2008 e o seu anexo XI, ademais do recollido nos Procedementos 6 e 7 do Manual de Calidade; o Operador Certificado será o responsábel de cumprir a normativa xeral de etiquetaxe e do cumprimento do establecido na lexislación común vixente. De se detectar algún problema, o Operador Certificado deberá corrixilo, antes de lle conceder o Consello Regulador a autorización de uso desa etiqueta.

3. Unha vez autorizada a inclusión da contraetiqueta na etiqueta comercial, o operador deberá especificar:

- a) Na elaboración de etiquetas: se subcontrata a elaboración das etiquetas nunha imprenta, o se el mesmo é o propio fabricante da súas etiquetas. No caso de ser o operador o propio fabricante, deberá especificar en que instalacións levará a cabo os traballos de impresión da etiqueta.
- b) Na numeración: Posteriormente, esas etiquetas numeraranse. Xa que o obxectivo de todo este apartado “C” é que o operador numere nas súas propias instalacións, este deberá indicar a seguinte información:
 - En que instalacións.
 - Mediante que medios mecánicos realizará a numeración.

Non se permite a numeración manuscrita, nin sequera por medio de etiquetas numeradas adicionais.

4. Cada vez que o operador desexe numeración para a súa etiqueta comercial coa inclusión da contraetiqueta, deberá solicitarllo ao C.R.A.E.GA, e indicará claramente a cantidade de etiquetas que se quere numerar na (Modelo FPOC-06/01). Con esta solicitude achegarase:

- O resgardo de ingreso da taxa correspondente na conta do C.R.A.E.GA, que será de 11,50 euros por millar de unidades solicitadas (ou equivalente). Este importe deberá ingresalo o Operador Certificado.

- Esbozo ou bosquexo en cor das etiquetas comerciais coa inclusión da contraetiqueta autorizadas para os produtos envasados en que solicita a numeración.

5. O C.R.A.E.GA. comunicará ao operador a autorización de impresión coa numeración correlativa das etiquetas aprobadas. Esta autorización será válida unicamente para a empresa e instalacións concretas declaradas previamente.

6. O operador deberá levar un rexistro onde estean suficientemente claros:

- A numeración facilitada dende o C.R.A.E.GA.
- A súa correspondencia co produto e a numeración para el asignada, mediante o número de lote e a data.

Deberase enviar unha copia deste rexistro ao C.R.A.E.GA. tantas veces coma este llo solicitar; ademais, este rexistro estará a disposición dos técnicos nas visitas se solicitaren a súa revisión.

7. En calquera momento deste proceso, o C.R.A.E.GA. poderá retirar a devandita autorización por motivo do incumprimento, por parte do Operador Certificado, das normas e procedementos recollidos no Regulamento do Consello Regulador, e demais normativa referente ao Método de produción ecolóxica. Neste suposto, o Operador Certificado estará obrigado a entregar ao C.R.A.E.GA. todas aquelas contraetiquetas que tiver no seu poder.

5.1.3. Utilización de precintos.

Os matadoiros inscritos con Certificado de Conformidade solicitarán, mediante o modelo formato (FPOC-06/01), o número de precintos necesarios correspondentes para a colocación nos canais. Enviarán este modelo, correctamente cuberto, ao C.R.A.E.GA.

5.1.4. Utilización do Certificado de Conformidade.

O C.R.A.E.GA emitirá un certificado de conformidade de produto.

Este certificado poderá ser reproducido na súa totalidade polos operadores, segundo o alcance descrito neste, para a súa utilización con fins comerciais e publicitarios, e o tamaño poderá ser modificado.

O C.R.A.E.GA poderá requirir a devolución dos certificados emitidos en caso de suspensión temporal ou definitiva da certificación.

5.2. Numeración.

As contraetiquetas e signos da certificación, calquera que for o tipo de envase en que se expidan, deberán levar unha numeración de control proporcionada polo C.R.A.E.GA.

No caso de contraetiquetas, o operador inscrito con Certificado de Conformidade deberá solicitar esta numeración ao C.R.A.E.G.A, mediante o formato FPOC-06/01-Solicitud de material de control (operador inscrito).

No caso de contraetiquetas incluídas na etiqueta comercial, será a Imprenta ou empresa externa colaboradora, en nome do operador, a que solicite a numeración, mediante o formato FPOC-06/05-Solicitud de numeración de etiquetas/estoxos. Se o operador realizar el mesmo a numeración nas súas instalacións, será el quen solicite a numeración mediante o formato FPOC-06/01.

Dende o momento de recepción da solicitude, o C.R.A.E.G.A. responderá a esta solicitude antes de transcorrido un mes, e indicará as causas polas que se denega a numeración, ou facilitará esta numeración, segundo for o caso.

- Numeraranse as contraetiquetas do seguinte xeito:

- 1) A12345678 Esta numeración, incluída na contraetiqueta, facilitaráselle ás industrias inscritas ou ás empresas importadoras, se o produto estiver envasado; realizarán o pago das contraetiquetas e o seu tamaño será de 30 por 45 milímetros.
- 2) E123456 para o tamaño 20 por 30 milímetros.

- Numeraranse as etiquetas do mesmo xeito que as contraetiquetas:

- 1) B12345678 Para lle facilitar ás imprentas ou empresas externas colaboradoras exclusivamente; O operador inscrito no C.R.A.E.G.A. debe facer o pagamento da numeración.
- 2) N1234567 Para lle facilitar aos operadores que numeran nas súas instalacións; o operador debe realizar o pagamento desta numeración.

- Numeraranse os volantes da seguinte maneira:

- 1) C123456 Para lle facilitar aos operadores inscritos de produción animal.
- 2) D123456 Para lle facilitar aos operadores inscritos de produción vexetal. Poden ser empregados ámbolos dous volantes por industrias e comercializadores-importadores.

- Numeraranse os precintos da seguinte forma:

P123456, “123456” é o código numérico, e “P” a letra.

Sendo:

- “12345678”: código numérico.
- “123456”: código numérico.
- “1234567”: código numérico.
- “A” a letra A.
- “B” a letra B.
- “C” a letra C.
- “D” a letra D.
- “E” a letra E.
- “N” a Letra N.
- “P” a Letra P.

5.3. Uso da Marca.

A marca soamente pode ser usada polos operadores certificados; non está autorizada, en ningún suposto, a súa utilización por operadores non certificados, entidades externas ou colaboradores do CRAEGA e operadores en proceso de inscrición.

A inclusión da marca no Certificado de Conformidade é o medio polo cal os operadores declaran publicamente o cumprimento de todos os requisitos de certificación.

Cando sexa de cumprimento o artigo 23 punto 4.b. do Regulamento (CE) 834/2007 os operadores inscritos certificados non poderán utilizar o logo, nin a marca do CRAEGA, indicando no produto o código da autoridade de control.

5.4.- Uso abusivo da Marca.

Considérase uso abusivo da marca o seu uso en relación cos seguintes aspectos:

- Operadores non autorizados no uso da marca.
- Operadores cuxo período de validez para o emprego da marca teña sido suspendido temporalmente ou retirado definitivamente.
- Uso da marca por parte de Operadores inscritos con Certificado de Conformidade mais para produtos non suxeitos aos criterios da marca.
- Usos non previstos da marca: na utilización en documentación comercial propia da empresa.

Ademais da comunicación á Autoridade Competente, ante todo uso abusivo da Marca, o C.R.A.E.GA. ten o dereito para iniciar, dentro do marco da lexislación vixente, toda acción xudicial que estimar conveniente.

5.5.- Modificacións da Marca.

Toda modificación en relación á concesión de uso da Marca comunicarase por escrito aos Operadores afectados, e precisarase, se for necesario, o prazo concedido para aplicaren as novas condicións.

5.6.- Dereitos e obrigas respecto ao uso da Marca.

Só os Operadores recoñecidos polo C.R.A.E.G.A. están autorizados para empregaren esta marca. O seu uso está suxeito ás condicións especificadas neste procedemento e no procedemento seis.

Dereitos:

Poderán utilizar a marca, nos termos referidos á produción ecolóxica e/ou ao logotipo ecolóxico da U.E, os produtos que tiveren concedida a autorización.

Poderán empregar a marca, nos termos referidos á produción ecolóxica e/ou ao logotipo ecolóxico da U.E. aos que se refire o Regulamento (CE) 834/2007 e demais disposicións complementarias, ou faceren referencia á condición de produtor ou empresa con Certificado de Conformidade de produtos ecolóxicos ou procedentes de produción ecolóxica, en función do alcance da certificación concedida.

Poderán recibir en tempo e forma os certificados e documentos que acreditan estaren certificados para o alcance solicitado.

Obrigas:

Deberán solicitar a autorización para o uso da marca, ou material de control correspondente.

Deberán devolver os certificados de conformidade, os documentos xustificativos, así coma o material de control que estiver no seu poder, e retiraren todos os elementos de publicidade en caso de baixa.

En caso de retirada ou suspensión do uso da marca, deberán aportar a documentación que requira o C.R.A.E.G.A.

5.7. Utilización de signos identificativos da denominación.

No caso de que un Operador inscrito nos Rexistros do C.R.A.E.G.A. con Certificado de Conformidade desexe empregar referencias ao método de produción ecolóxica, segundo o Título IV do Regulamento (CE) nº 834/2007, na publicidade (folletos, páxinas *web*, anuncios, coches de empresa, material de papelería) dos produtos cuxa produción, elaboración, e/ou comercialización estiveren solicitadas, deberallo solicitar ao Consello Regulador a través dos seguintes pasos:

1. Solicitud do operador inscrito con Certificado de Conformidade, para o emprego na súa publicidade ou en calquera outro documento, tanto de uso interno coma externo, tanto impreso como en soporte informático, magnético ou de calquera outra natureza, de referencias ao método de produción ecolóxica e/ou utilización dos signos distintivos da denominación, segundo o Título IV do Regulamento (CE) nº 834/2007.
2. O operador deberá achegar, xunto con esta solicitud, o esbozo do material mencionado no punto 1, para o que se solicita autorización, que acompañe ou se refira a produtos de produción

ecolóxica en que figurarán as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que vaian facer referencia á produción ecolóxica.

3. O Consello Regulador comprobará o cumprimento da normativa de utilización de signos identificativos da denominación de produción ecolóxica.
4. Deseguido, enviaráselle ao operador un comunicado con aquelas modificacións que se deban facer nas indicacións referentes á produción ecolóxica, para que poidan ser autorizadas na publicidade ou documentación para a que se solicita a autorización.
5. O operador, feitas xa as correccións pertinentes no bosquejo que vai empregar, deberá remitir á sede do C.R.A.E.GA. o novo modelo correspondente; se non houber resposta do operador nun prazo de 15 días, anularase a solicitude.
6. O C.R.A.E.GA. comprobará que se fixeron as correccións oportunas no esbozo que se empregará na publicidade ou documentación para a que se solicita o uso dos signos; deseguido, o C.R.A.E.GA. procederá ao envío da autorización do emprego dese bosquejo e das referencias ao método de produción ecolóxica.
7. As autorizacións non teñen período de validez. En calquera momento deste proceso, o C.R.A.E.GA. poderá retirar a autorización por mor do incumprimento, por parte do Operador, das normas e procedementos recollidos no Regulamento recollidos no Regulamento do Consello Regulador, Normas Técnicas e demais normativa referente ao Método de produción ecolóxica. Neste suposto, o Operador estará obrigado a retirar do mercado, urxentemente, todo o material de calquera natureza en que se faga referencia á produción ecolóxica e/ou que conteña signos desta denominación.

5.8. Utilización de signos identificativos da denominación no caso de venda directa.

En cumprimento da Orde do 3 de Abril de 2009, pola que se aproba o Regulamento de Funcionamento do C.R.A.E.GA, no seu Capítulo IV, Punto 3, Apartado c, permítese ,en caso de venda directa da produción propia do produtor ao consumidor final na súa explotación ou en mercados locais, a substitución dos volantes de circulación para mercadorías a granel polo sistema de control que describimos neste punto.

Regulamentación da venda directa da produción ecolóxica de Galicia.

Enténdese por venda directa a comercialización dos produtos da propia explotación feita polo titular ou autorizado nas fincas da súa explotación, en mercados locais, prazas de abastos, postos, entre outros, de toda Galicia ou eventos de similar índole que permitan realizar este tipo de actividade, así como as vendas realizadas directamente a asociacións e/ou cooperativas de consumidores.

O punto de venda onde se realizar esta actividade poderase acompañar dos distintivos facilitados polo C.R.A.E.GA. para identificar o punto de venda; neste estará presente a lenda “Punto de venda avalado polo C.R.A.E.GA.”, sempre que o operador se comprometer ao cumprimento das seguintes condicións e se tiver solicitado mediante o formato (FPOC-06/04):

1º Os produtos ou mercadorías á venda procederán da propia explotación do operador inscrito con Certificado de Conformidade no Rexistro de produción vexetal do C.R.A.E.GA e que solicita o uso do cartel identificativo do punto de venda; estes produtos ou mercadorías deben reunir as condicións cualitativas, técnicas e sanitarias esixidas pola lexislación vixente. Permitirase que parte do produto exposto proveña doutras explotacións inscritas no Rexistro de produción vexetal do C.R.A.E.GA, cando non for posíbel completar a oferta coa produción propia; este tipo de mercadoría non poderá supor máis do 25% do valor monetario, a prezo de mercado, do produto total comercializado nun intervalo de tempo de tres meses.

2º Os lugares onde se realizar esta actividade deberán ser comunicados antes ao C.R.A.E.GA; no caso de eventos habituais, mediante unha programación anual; no caso de eventos esporádicos, cunha antelación mínima de 15 días. O operador poderá actualizar esta planificación regularmente, mais sempre con 15 días de antelación á data do evento que se pretenda incluír.

3º En todo momento, o titular ou o seu autorizado terán a disposición dos clientes a documentación acreditativa da súa condición de inscrito no C.R.A.E.GA.

4º Realizarase unha declaración da actividade desenvolta en cada evento, onde se recollan, detalladamente, as vendas por tipoloxía do produto. Esta declaración enviarase ao C.R.A.E.GA nos cinco días seguintes á realización do evento; farase no formato (FPOC-06/06).

O incumprimento destas condicións implicará a perda do dereito de uso dos distintivos facilitados polo C.R.A.E.GA para o seu uso nesta actividade, así como calquera outro material ou simboloxía que puiden inducir a erro ao consumidor.

Todo operador que desexe empregar os distintivos mencionados anteriormente, deberá remitir unha solicitude por escrito ao C.R.A.E.GA, despois de superado o período de conversión á agricultura ecolóxica, onde se recolla o programa de eventos en que pretenda participar e coas correspondentes datas.

A concesión de uso destes distintivos implicará a sinatura, por parte do operador, do compromiso de cumprimento das condicións de uso.

5.9. Retirada do material de control.

A baixa no correspondente rexistro, ou a cancelación definitiva da certificación, comunicarse ao operador dende o C.R.A.E.GA; manterase un rexistro desta comunicación.

A baixa nos rexistros supón a obriga, para o operador, de devolver o Certificado de Conformidade e todo o material de control ao C.R.A.E.GA, así como a retirada de indicacións de conformidade nos produtos e na publicidade. En caso de controversia ou de non entregar o mencionado material, o C.R.A.E.GA. informará deste feito á Autoridade Competente.

No caso concreto de suspensión temporal, non será necesaria a devolución do material de control (agás así o indicar o C.R.A.E.GA.), mais o operador terá a obriga de lle comunicar ao

C.R.A.E.GA, no prazo solicitado, os datos necesarios referentes a este material, datos necesarios para o seu estudo e control por parte do C.R.A.E.GA. No caso de suspensión, comunicáraselle ao inscrito o novo período de conversión, así coma os seus dereitos e obrigas; manterase no C.R.A.E.GA. rexistro de todas estas comunicacións.

6. ANEXOS.

- FPOC-06/01: Solicitud de material de control (operadores inscritos).
- FPOC-06/02: Volante de circulación de produción vexetal.
- FPOC-06/03: Volante de circulación de produción animal.
- FPOC-06/04: Solicitud de cartel identificativo para venda directa.
- FPOC-06/05: Solicitud de material de control (empresas colaboradoras).
- FPOC-06/06: Declaración da actividade desenvolta.



**CONSELLO REGULADOR DE
AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA**

Circunvalación, s/n (Edificio Multiusos).
27400 - Monforte de Lemos (Lugo)
Apdo. de correos 55
Tlf. 982 405 300 - Fax: 982 416 530
email: craega@craega.es www.craega.es

**SOLICITUDE DE CARTEL IDENTIFICATIVO PARA VENDA DIRECTA EN MERCADOS
“PUNTO DE VENDA AVALADO POLO C.R.A.E.GA.”**

D./D^a _____

D.N.I. _____

ENDEREZO: _____

CONCELLO: _____ PROVINCIA: _____

Na súa condición de _____ da explotación,

rexistrada co número de rexistro de operadores _____ TITULARES DE EMPRESAS
AGRARIAS DE PRODUCCIÓN, NO SUBSECTOR VEXETAL DO C.R.A.E.GA.

**SOLICITA SE LLE CONCEDA O CARTEL IDENTIFICATIVO DE POSTO DE VENDA
AVALADO POLO C.R.A.E.GA.**

O solicitante manifesta ter sido informado de todos os dereitos e obrigas a lle corresponderen, e comprométese a cumprir con todas as obrigas que lle incumbiren, obrigas que figuran no regulamento transcrito á volta do presente escrito.

Vº Bº DO SECRETARIO DO C.R.A.E.GA.

**TITULAR OU REPRESENTANTE DA
EXPLOTACIÓN.**

Asinado: _____

Asinado: _____

REGULAMENTO DA AUTORIZACIÓN DA SINALIZACIÓN DE CARTEIS IDENTIFICATIVOS “PUNTO DE VENDA AVALADO POLO C.R.A.E.GA”.

PRIMEIRA: CONTIDO DA AUTORIZACIÓN:

O punto de venda onde se realizar esta actividade poderase acompañar do distintivo facilitado polo C.R.A.E.GA, cartel identificativo para identificar o punto de venda, “Punto de venda avalado polo C.R.A.E.GA.”, sempre que o operador se comprometer ao cumprimento das condicións contidas nesta solicitude.

SEGUNDA: PROPIEDAD DOS CARTEIS E DOS SEUS CONTIDOS:

O cartel identificativo é propiedade exclusiva do C.R.A.E.GA; este cartel reflicte todos os datos identificativos dos produtos.

TERCEIRA: OBRIGAS QUE IMPLICA A CONCESIÓN DA SINALIZACIÓN:

O titular da autorización comprométese a:

1º Os produtos ou mercadorías postos á venda procederán da propia explotación do operador inscrito no Rexistro de produción vexetal do C.R.A.E.GA. que solicita o uso do cartel identificativo do punto de venda, produtos que reúnan as condicións cualitativas, técnicas e sanitarias esixidas pola lexislación vixente. Permitirase que parte do produto exposto proceda doutras explotacións inscritas no Rexistro de produción vexetal do C.R.A.E.GA. cando non for posíbel completar a oferta coa produción propia; este tipo de mercadoría non poderá supor máis do 25% do produto total comercializado nun intervalo de tempo de tres meses.

2º Os lugares onde se realizar esta actividade deberán ser comunicados, por escrito, con antelación, ao C.R.A.E.GA. No caso de eventos habituais, mediante unha programación anual; no caso de eventos esporádicos, cunha antelación mínima de 15 días. O operador poderá actualizar esta planificación, e comunicará cunha antelación mínima de 15 días a data do evento que se pretenda incluír.

3º En todo momento, o titular ou o seu representante terán a disposición dos clientes a documentación acreditativa da súa condición de inscrito no C.R.A.E.GA.

4º Realizar unha declaración da actividade desenvolta en cada evento onde se recollan, detalladamente, as vendas por tipoloxía de produto. Esta declaración achegaráselle ao C.R.A.E.GA, nos cinco días hábiles seguintes á realización do evento; farase segundo un modelo establecido polo C.R.A.E.GA. que se lle entregará xunto co cartel identificativo.

5º Facerse responsábel de velar pola integridade do cartel identificativo, e comunicar ao C.R.A.E.GA. calquera deterioro que puiden sufrir para a súa reposición.

6º Manterse ao día nas súas obrigas co C.R.A.E.GA.

CUARTA: REQUISITOS ESIXIDOS PARA A CONCESIÓN:

Poderán obter a autorización todos os inscritos no REGXISTRO DE OPERADORES TITULARES DE EMPRESAS AGRARIAS DE PRODUCCIÓN NO SUBSECTOR VEXETAL, sempre que se atoparen ao día nas súas obrigas co C.R.A.E.GA, e non teñan incoado expediente sancionador.

QUINTA: EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN:

A autorización extinguirase polos seguintes motivos:

- a) Renuncia do titular.
- b) Perda polo titular das condicións esixidas para a súa concesión.
- c) Incumprimento polo titular das obrigas sinaladas na regra terceira.

SEXTA: RETIRADA DOS CARTEIS IDENTIFICATIVOS:

O incumprimento das condicións establecidas no punto terceiro implicará a perda do dereito de uso dos carteis facilitados polo C.R.A.E.GA. para o seu uso nesta actividade, así como calquera outro material ou simboloxía que puiden inducir a erro ao consumidor. O operador estará obrigado a devolver o cartel identificativo ao C.R.A.E.GA. xunto co talonario de declaración de vendas en mercados, de así llo requirir o C.R.A.E.GA. por calquera das causas mencionadas no punto sexto ou outras non contidas nesta solicitude.



**CONSEJO REGULADOR DE
AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA**

Circunvalación, s/n (Edificio Multiusos).

27400 - Monforte de Lemos (Lugo)

Apdo. de correos 55

Tlf: 982 405 300 - Fax: 982 416 530

email: craega@craega.es www.craega.es

Declaración de actividade desenvolta.

Nome do Operador:			Nº de Rexistro:	
Lugar do evento:			Data do evento:	
Produtos postos á venda no mercado ou na explotación			Vendas realizadas no mercado ou na explotación	
Clase	Variedade	Cantidade	Cantidade expedida	Importe das vendas
Sinatura e data:			Importe total:	

Nota: As cantidades reflectiranse en quilos, unidades ou feixes/mancheas.



SOLICITUDE DE MATERIAL DE CONTROL (Operadores Inscritos)

Nome do Operador:

con nº de Rexistro no C.R.A.E.GA:

Nome do Representante: con NIF/CIF:
(Reencher só no caso de persoas xurídicas)

Cantidade Solicitada	Material	Presentación	Prezo
	Talonario de Volantes de circulación	Talonario de 20 unidades	9,00 euros/talonario
	Lotes de Precintos de identificación animal (1)	Lotes de 4 unidades	0,75 euros/lote
	Bobinas de Contraetiquetas Agricultura Ecolóxica (2)	Bobinas de 2.000 unidades	30,00 euros/bobina
	Numeración para etiquetas (2)	Unidades de numeración	11,50 euros/millar

- (1) Portes pagados para pedidos superiores a 100 lotes de precintos.
- (2) Para solicitar Bobinas ou Numeración de etiquetas é obrigatorio cubrir a seguinte táboa:

Produto	Marca Comercial	Tipo de envase e capacidade	Cantidade de unidades

Indique o enderezo onde quere que se lle envíe o material, no caso de non coincidir co enderezo do domicilio social xa facilitado ao C.R.A.E.GA:

.....
.....

Data e sinatura do titular ou representante	Observacións

Pago en número de conta bancaria do C.R.A.E.GA: Nova Galicia Banco 2080-0126-24-3040025754

SOLICITUDE DE NUMERACIÓN ETIQUETAS/ESTOXOS

Nome do operador inscrito no C.R.A.E.GA:

Nome da imprenta.

Cantidade Solicitada (Preferentemente múltiplos de 1000 Ud.)	Material
	Unidades de Numeración de Agricultura Ecolóxica

Produto para o que solicita numeración, e cuxa etiqueta foi autorizada previamente polo C.R.A.E.GA.:

Produto	Marca Comercial	Tipo de envase e capacidade	Cantidade

Data e sinatura do representante da imprenta	Observacións

Lembre que debe adxuntar modelo das etiquetas dos produtos para os que se solicita a numeración.

VOLANTE DE CIRCULACIÓN

D./D^a./Empresa con n° de Rexistro GA...../..... comunica a venda ou expedición dos produtos de Agricultura Ecolóxica a D./D^a./Empresa con n° de Rexistro

Se o Receptor estiver fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, ou non se encontrar inscrito nos rexistros do C.R.A.E.GA, indicar os seguintes datos:

Nome da empresa:		N.I.F./ C.I.F:
Enderezo: rúa, praza, avda.		Teléfono:
Código Postal:	Concello:	Provincia:
Nome e apelidos do titular ou representante:		

PRODUTO / VARIEDADE	LOTE	CANTIDADE	IMPORTE TOTAL	CUALIFICACIÓN (1)

(1) A.E.: Agricultura Ecolóxica; Rec.: Reconversión á Agricultura Ecolóxica.

....., a de de

Sinatura e selo do expedidor.

Exemplar para o expedidor.

VOLANTE DE CIRCULACIÓN

D./D^a./Empresa con nº de Rexistro GA...../..... comunica a venda ou expedición dos produtos de Agricultura Ecolóxica a D./D^a./Empresa con nº de Rexistro

Se o Receptor estiver fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, ou non se encontrar inscrito nos rexistros do C.R.A.E.GA, indicar os seguintes datos:

Nome da empresa:		N.I.F./ C.I.F:
Enderezo: rúa praza, avda.		Teléfono:
Código Postal:	Concello:	Provincia:
Nome e apelidos do titular ou representante:		

PRODUTO / VARIEDADE	LOTE	CANTIDADE	IMPORTE TOTAL	CUALIFICACIÓN (1)

(1) A.E.: Agricultura Ecolóxica; Rec.: Reconversión á Agricultura Ecolóxica.

.
....., a de de

Sinatura e selo do expedidor.

Exemplar para o organismo de control do expedidor.

FPOC-06/02 Edición 3

VOLANTE DE CIRCULACIÓN

D./D^a./Empresa con nº de Rexistro GA...../..... comunica a venda ou expedición dos produtos de Agricultura Ecolóxica a D./D^a./Empresa con nº de Rexistro

Se o Receptor estiver fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, ou non se encontrar inscrito nos rexistros do C.R.A.E.GA, indicar os seguintes datos:

Nome da empresa:		N.I.F./ C.I.F:
Enderezo: rúa praza, avda.		Teléfono:
Código Postal:	Concello:	Provincia:
Nome e apelidos do titular ou representante:		

PRODUTO / VARIEDADE	LOTE	CANTIDADE	IMPORTE TOTAL	CUALIFICACIÓN (1)

(1) A.E.: Agricultura Ecolóxica; Rec.: Reconversión á Agricultura Ecolóxica.

....., a de de

Sinatura e selo do expedidor.

Exemplar para o receptor.

FPOC-06/02 Edición 3

VOLANTE DE CIRCULACIÓN

D./D^a./Empresa con nº de Rexistro GA...../..... comunica a venda ou expedición dos produtos da Agricultura Ecolóxica a D./D^a./Empresa con nº de Rexistro

Se o Receptor estiver fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, ou non se encontrar inscrito nos rexistros do C.R.A.E.GA, indicar os seguintes datos:

Nome da empresa:		N.I.F./ C.I.F:
Enderezo: rúa, praza, avda.		Teléfono:
Código Postal:	Concello:	Provincia:
Nome e apelidos do titular ou representante:		

PRODUTO / VARIEDADE	LOTE	CANTIDADE	IMPORTE TOTAL	CUALIFICACIÓN (1)

(1) A.E.: Agricultura Ecolóxica; Rec.: Reconversión á Agricultura Ecolóxica.

....., a de de

Sinatura e selo do expedidor.

Exemplar para o organismo de control do receptor.

FPOC-06/02 Edición 3

VOLANTE DE CIRCULACIÓN

--

D./D^a./Empresa con nº de Rexistro GA...../..... comunica a venda ou expedición dos produtos da Agricultura Ecolóxica a D./D^a./Empresa con nº de Rexistro

Se o Receptor estiver fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, indicar os seguintes datos:

Nome da empresa:			
Enderezo: rúa, praza, avda.			
Código Postal:	Concello:	Provincia:	
Teléfono:	Fax:	N.I.F./ C.I.F.:	
Nome e apelidos do titular ou representante:			

Nº DE IDENTIFICACIÓN ANIMAL / LOTE	ESPECIE / RAZA	Nº DE ANIMAIS	PESO	IDADE

Data e selo do expedidor.

....., a de de

Exemplar para o expedidor.

FPOC-06/03 Edición1

VOLANTE DE CIRCULACIÓN

--

D./D^a./Empresa con nº de Rexistro GA...../..... comunica a venda ou expedición dos produtos da Agricultura Ecolóxica a D./D^a./Empresa con nº de Rexistro

Se o Receptor estiver fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, indicar os seguintes datos:

Nome da empresa:			
Enderezo:rúa, praza, avda.			
Código Postal:	Concello:	Provincia:	
Teléfono:	Fax:	N.I.F./ C.I.F:	
Nome e apelidos do titular ou representante:			

Nº DE IDENTIFICACIÓN ANIMAL / LOTE	ESPECIE / RAZA	Nº DE ANIMAIS	PESO	IDADE

Data e selo do expedidor.

....., a de de

Exemplar para o organismo de control do expedidor.

FPOC-06/03 Edición1

VOLANTE DE CIRCULACIÓN

--

D./D^a./Empresa con nº de Rexistro GA...../..... comunica a venda ou expedición dos produtos da Agricultura Ecolóxica a D./D^a./Empresa con nº de Rexistro

Se o Receptor estiver fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, indicar os seguintes datos:

Nome da empresa:			
Enderezo: rúa, praza, avda.			
Código Postal:	Concello:	Provincia:	
Teléfono:	Fax:	N.I.F./ C.I.F.:	
Nome e apelidos do titular ou representante:			

Nº DE IDENTIFICACIÓN ANIMAL / LOTE	ESPECIE / RAZA	Nº DE ANIMAIS	PESO	IDADE

Data e selo do expedidor.

....., a de de

Exemplar para o receptor.

FPOC-06/03 Edición1

VOLANTE DE CIRCULACIÓN

--

D./D^a./Empresa con nº de Rexistro GA...../..... comunica a venda ou expedición dos produtos da Agricultura Ecolóxica a D./D^a./Empresa con nº de Rexistro

Se o Receptor estiver fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, indicar os seguintes datos:

Nome da empresa:			
Enderezo: rúa, praza, avda.			
Código Postal:	Concello:	Provincia:	
Teléfono:	Fax:	N.I.F./ C.I.F.:	
Nome e apelidos do titular ou representante:			

Nº DE IDENTIFICACIÓN ANIMAL / LOTE	ESPECIE / RAZA	Nº DE ANIMAIS	PESO	IDADE

Data e selo do expedidor.

....., a de de

Exemplar para o organismo de control do receptor.

FPOC-06/03 Edición1